

Praza número: 25/28004

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicada, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: [Lingüística Xeral e Literatura española](#).

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: [vinculación coa área de coñecemento, calidade e prestixio editorial, impacto, traducións e recensións recibidas, número de asinantes de cada aportación](#).

[En canto aos índices de calidade editorial, aplicarase os mesmos criterios que no apartado de investigación para libros e capítulos de libro. Os libros sen ISBN non serán valorados baixo ningunha circunstancia.](#)

[Valoraranse con 0,1 puntos os materiais e libros de texto non deseñados para a docencia universitaria en materias relacionadas coa Lingua española.](#)

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: [vinculación coa área de coñecemento, tipo de participación da persoa candidata. Os proxectos de innovación docente orientados á docencia na área de Lingua española valoraranse con 3 puntos no caso do director ou responsable e con 1 no caso dos participantes.](#)

[A pertenza a grupos de innovación docente orientados á docencia na área da Lingua española valorarase con 0,25 puntos por ano de pertenza no caso do responsable ou director e de 0,10 por ano no caso dos participantes.](#)

Praza número: 25/28004

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Valoraranse con 0,1 puntos aqueles proxectos de innovación docente que non estean orientados á docencia na área de Lingua Española.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: [vinculación coa área de coñecemento, duración, lugar.](#)

Estancias docentes centradas na docencia, de duración non inferior a un mes, en materias relacionadas coa área de Lingua española, en institucións de educación superior nacionais (máximo 1 punto por mes de estadía) e internacionais (máximo 2 puntos por mes de estadía). Valoraranse con entre 0,1 puntos (nacionais) e 0,2 puntos (internacionais) por mes aquelas estadías que non estean orientadas á docencia na área de Lingua Española.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

[Estancias de mobilidade docente STA ou similares en institucións de educación superior nacionais \(máximo 1 punto por estadía\) e internacionais \(máximo 2 puntos por estadía\).](#)

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: [relación coa docencia na área.](#)

[Os premios e recoñecementos docentes outorgados polo labor realizado en proxectos ou iniciativas relacionadas coa docencia na área da Lingua Española valoraranse con 0,5 puntos.](#)

[Artigos de docencia en revistas académicas \(máximo de 2 puntos por cada mérito alegado\). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, calidade e prestixio editorial, impacto, número de asinantes de cada aportación...](#)

[Comunicacións en congresos de innovación docente \(máximo de 1 punto por cada mérito alegado\). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, prestixio do organismo organizador, calidade e prestixio da editorial, impacto, número de asinantes de cada aportación...](#)

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: [vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, indexación da revista nas bases de datos especializadas.](#)

[Os artigos publicados en revistas científicas incluídas en Scopus ou Web of Science valoraranse con 2,5 puntos.](#)

[O resto dos artigos publicados en revistas non incluídas en Scopus y Web of Science, pero que contén con indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse con 0,5 puntos se están](#)



Praza número: 25/28004

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

incluídos en ERIHPlus ou levan selo de calidade FECYT (a valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos).

O resto dos artigos publicados en revistas recollidas en Dialnet valoraranse como máximo con 0,25 puntos.

Terase en conta o número dos asinantes de cada aportación (un autor, coeficiente de ponderación de 1, 2 autores, coeficiente de ponderación de 0.75, 3 autores, coeficiente de ponderación de 0.5, catro e máis autores coeficiente de ponderación de 0.25).

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as e prestixio editorial.

Terase en conta o número dos asinantes de cada aportación (un autor, coeficiente de ponderación de 1, 2 autores, coeficiente de ponderación de 0.5, 3 autores, coeficiente de ponderación de 0.3, catro e máis autores coeficiente de ponderación de 0.1).

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos (aos que se sumarán outros 0,5 se recibiu algún premio). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, carácter nacional ou internacional (respaldado por unha institución ou sociedade científica recoñecida). Valorarase o carácter nacional ou internacional do congreso. Comunicación nun congreso internacional: 0,5 puntos, e comunicación nun congreso nacional: 0,25 puntos.

Un coeficiente multiplicador entre 0,1 e 1 terá en conta o número de autores da publicación (un autor, coeficiente de ponderación de 1, 2 autores, coeficiente de ponderación de 0,5, 3 autores, coeficiente de ponderación de 0,3, catro ou máis autores coeficiente de ponderación de 0,1).

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, rol desempeñado. Valorarase a participación acreditada en programas de divulgación científica no ámbito universitario, participación na organización de congresos, xornadas e encontros académicos, comisariado de exposicións...

Na Coruña, a 03 de marzo do 2026

A presidencia da comisión,

José Ignacio Pérez Pascual